

Texto: **PHILIP PULLMAN**
 Tradución: **FERNANDO MOREIRAS**
 Deseño: **MARC TAEGER**

Encadernado en cartonné. Narrativa K
 340 páxinas. 15x19,5 cm.
 ISBN 978-84-96957-17-6

Prezo: 16 €

A AURORA BOREAL

Estrañas desaparicións. Unha nena moi especial. Un segredo desvelado. Unha arriscada misión de rescate. Marabillosos enxeños. Mundos paralelos. Aliados e inimigos...

Son algúns dos ingredientes desta novela fantástica, galardoada en 1995 coa prestixiosa Medalla Carnegie, coa que se premian as mellores obras dirixidas a lectores infantís e xuvenís; velaquí as primeiras aventuras da apaixonante saga "A materia escura", convertida nunha obra de referencia en todo o mundo grazas á mestría e poderosa imaxinación do seu autor.

Ambientada na época victoriana, onde mandaban os férreos corsés da moral e as crenzas, esta obra aporta certas doses de rebeldía. Introduce elementos filosóficos, curiosidade científica e dúbidas existenciais que cuestionan as convencións establecidas. A loita entre o ben e o mal, o afán de coñecemento e a valentía son a chave para que mozos e adultos compartan este interesante desafío.


A tradución de Fernando Moreiras destaca polo seu esmero na recollida de dialectalismos e pola variedade de rexistros que quedan plasmados nesta apaixonante lectura, que comeza cuns versos do poeta e ensaísta inglés John Milton. A esta entrega seguiránlle "O coitelo sutil" e "O anteollo de ámbar".

PHILIP PULLMAN (Norwich, Gran Bretaña, 1946)

Escritor inglés, estudou Literatura na Universidade de Oxford. Impartiu clases no Westminster College durante oito anos, antes de dedicarse exclusivamente á narrativa. A súa produción, traducida a moitos idiomas, inclúe novelas históricas, libros xuvenís contemporáneos, relatos fantásticos para o público infantil, contos...

"A materia escura" situouse no terceiro posto da enquisa 'The Big Read', que organizou en 2003 a cadea BBC para coñecer os gustos literarios dos británicos. Pullman foi distinguido en 2005 co premio Memorial Astrid Lindgren. Tamén se lle concedeu o Premio de Literatura Infantil Guardian, o 'Smarties Award', o 'Elinor Farjeon Award' e en 2001 o Premio Whitbread ao libro do ano pola terceira parte desa triloxía.

Ademais desta serie, tamén é autor das novelas protagonizadas polo personaxe de Sally Lockhart, inspiradas nas historias de Sherlock Holmes.



- **Temática:** novela fantástica de aventuras
- **Idade recomendada:** dende 12 anos
- **Aspectos destacables:** primeiro volume da triloxía "A materia escura"; introdución a conceptos filosóficos e científicos; emoción e perigo; ambientada historicamente na época victoriana.